

LEI DA SUBCONTRATACIÓN NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN

O **Real Decreto 1109/2007** dá plena efectividade á lei de subcontratación no sector da construción e suporá unha mellora na seguridade dos traballadores; actuando sobre o sector que máis preocupa dende o punto de vista dos accidentes de traballo.

As causas que inciden na sinestralidade deste sector son entre outras: a alta temporalidade, a escasa formación dos traballadores e a participación no sector de empresas sen unha mínima estrutura organizativa que garanta o dereito dos traballadores á seguridade e á saúde no traballo. Por iso, as medidas van dirixidas a aumentar a calidade e a solvencia das empresas contratistas e subcontratistas; a aumentar estabilidade e cualificación dos recursos humanos empregados; e a mellorar a eficiencia da xestión empresarial coa supresión dalgúns trámites burocráticos.



O regulamento concreta os **aspectos máis importantes da Lei**:

1. A **inscrición nun Rexistro de empresas acreditadas** (capítulo II da norma): todas as empresas que participen en procesos de subcontratación en obras de construción deberán inscribirse neste rexistro, que servirá para acreditar os requisitos de solvencia e calidade esixibles ás empresas contratistas e subcontratistas. O devandito requisitos son:

- A obriga de dispoñer da **infraestrutura** necesaria para o desenvolvemento do negocio.
- A esixencia de contar cuns recursos humanos **debidamente formados** en materia de seguridade e saúde laboral
- A obriga de dispoñer dunha **organización preventiva** axeitada á Lei de prevención de riscos laborais

2. A determinación de **regras precisas** que permitirán aplicar de xeito gradual e comprobar que as empresas cumpren con **estabilidade laboral**: deben contar cun 30% de traballadores contratados con carácter indefinido.

3. A forma, a habilitación pola autoridade laboral e o réxime de funcionamento dun **Libro de subcontratación** (capítulo IV da norma): con isto dótase de maior transparencia as cadeas de subcontratación e elimínanse os procesos que prexudican a saúde e a seguridade dos traballadores.

4. A **simplificación das obrigas documentais** esixibles ás empresas do sector: entre os obxectivos do proxecto está facilitar a xestión administrativa das obras, mediante a supresión de trámites burocráticos. O Regulamento é froito do consenso alcanzado cos interlocutores sociais, que complementarán a esta norma a través da negociación colectiva. Ademais conta co apoio xeneralizado das comunidades autónomas, encargadas de poñer en funcionamento os Rexistros de empresas acreditadas, nos que se basea grande parte da aplicación de este conxunto normativo.